



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€ DO GALP GOLFO ÁRTABRO SUR.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur (GALP8) Enderezo: Avda. do Porto 21 Baixo (Casa do Mar) 15160 Sada, A Coruña. Teléfonos: 881896417 / 617867820 Correo electrónico: galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal CIF: G-70184494	
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Golfo Ártabro Sur
Persoa de contacto	Federico Enrique López Viñas Xerente do GALP8
Publicación da oferta	https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions
Referencia do Expediente	015/2024-F-GALP8GAS
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€ para o GALP8 como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Tipo de contrato	Contrato de Servizo
Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urgente
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	☐ Procedemento I, para adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. ☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
Admisión de prórroga en	☐ Si





execución	☒ Non
Admisión de prórroga do contrato	☒ Si ☐ Non
Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non
Criterios de adxudicación	☒ Prezo ☐ Multicriterio
Idioma de presentación de ofertas	☒ Galego ☒ Castelán
Orzamento de licitación	Importe total 1.375,00€/ Importe por informe 275,00€ (IVE excluído)
Prazo de execución	12meses *(Anualidade 2025: 12 meses) As prórrogas serán de 12 meses dende o asino do contrato ata 2029 e improrrogable.
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de agosto de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>





II. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de **DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€** do GALP Golfo Ártabro Sur do GALP como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

2. PRAZO DE EXECUCIÓN

O período de prestación do servizo comprenderá desde a data de formalización do contrato a mesma data do ano 2025.

As prórrogas serán de 12 meses.

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, se o aviso previo por parte do GALP8 faise cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 2029.

3. LOTES

Non se establece a división do obxecto do contrato en lotes, de modo que a licitación versará sobre a totalidade do servizo, xustificándose a decisión de conformidade co establecido no artigo 99.2 b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no feito de que, ao tratarse dun único proxecto, as diversas prestacións obxecto do servizo deben executarse de forma coordinada, cuestión que podería verse imposibilitada pola división en lotes, que podería conlevar que a adxudicación dos contratos e polo tanto a execución das prestacións integradas no servizo, se efectuase por una pluralidade de contratistas diferentes

4. CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DA ENTIDADE LICITANTE

As entidades licitadoras terán que presentar unha declaración responsable asinada de que contan coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

Para a realización dos traballos mencionados, o adxudicatario deberá dispoñer dos recursos materiais e humanos suficientes, adaptados ao volume das actividades a desenvolver.

A empresa adxudicataria deberá presentar nun prazo de **cinco días hábiles** desde o momento da súa notificación a documentación que acredite o seguinte:

- Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- Representación: acreditación da representación.
- En caso de persoa física: DNI
- Documento acreditativo de estar de alta como perito no colexio correspondente.



- e) Alta no imposto de actividades económicas
- f) Solvencia económica financeira: Declaración volume de negocios do último exercicio fiscal.
Requisito mínimo de solvencia: Volume anual de negocios do licitante por un importe unha vez o importe de licitación (1.663,75 € IVE incluído)
- g) O equipo mínimo exixido que deberá destinar o adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato será de, como mínimo, de **1 Perito informático colexiado e dado de alta no rexistros de peritos periciais do colexio correspondente**, responsable da prestación do servizo e da comunicación coa Xerencia do GALP Golfo Ártabro Sur.
- h) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

5. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES

- Declaración responsable da representación da entidade licitante; de dispor de solvencia económica, financeira e técnica; de contar coas autorizacións necesarias para o exercicio da súa actividade; de non estar incurso na prohibición de contratar nin na prohibición de percibir subvencións públicas e de non presentar ningunha outra oferta mediante empresa vinculada (**Anexo II**).

As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable (Anexo II), exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser prestada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.

- Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (**Anexo III**).
- Oferta económica (**Anexo IV**)

6. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado total do contrato	6.875,00 € (IVE excluído)	
Prazo de execución	12 meses	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	Importe total 1.375,00€ Importe por informe 275,00€
	IVE (21%)	Importe total 288,75€ Importe por informe 57,75 €
	Importe total de licitación	Importe total 1.663,75 € Importe por informe 332,75 €
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>	

REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN INCLUÍDAS AS PRÓRROGAS

	Ano 2025	1ª prórroga 2026	2ª prórroga 2027	3ª prórroga 2028	4ª prórroga 2029	TOTAL
Orzamento (IVE excluído)	1.375,00€	1.375,00€	1.375,00€	1.375,00€	1.375,00€	6.875,00 €
IVE	288,75€	288,75€	288,75€	288,75€	288,75€	1.443,75 €
Orzamento (IVE incluído)	1.663,75€	1.663,75€	1.663,75€	1.663,75€	1.663,75€	8.318,75 €

III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**7. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE**

O contrato de servizos se adxudicará seguindo o Punto II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

Cada un dos licitantes que presenten oferta aos presentes pregos, comprométense ao cumprimento íntegro das condicións do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas. Non se admiten variantes ao establecido nos presentes pregos.

8. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **7 días hábiles** contados a partir do día seguinte hábil ao da súa publicación na web do contratante do GALP Golfo Ártabro Sur.

A presentación farase por correo certificado, e acreditarase a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.

9. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas presentadas deberán estar **asinadas con firma dixital** pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante

A documentación presentarse en dous sobres pechados:



- **SOBRE A:** Declaración Responsable (Anexo II), e anexo III
- **SOBRE C:** Oferta económica (Anexo IV) e acreditación da experiencia

A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.

A denominación dos sobres a, deberá atender ao seguinte, segundo o caso:

- SOBRE A [015/2024-F-GALP8GAS]_Declaración-Responsable [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].
- SOBRE C [015/2024-F-GALP8GAS]_Oferta-Económica [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato do servizo será para a oferta mais vantaxosa que atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

Criterio	Puntuación
Prezo (máximo 100 puntos)	100 %

NON SE PROPONDRÁN A PUNTUACIÓN AQUELAS PROPOSTAS QUE SEXAN ANORMALMENTE BAIXAS

- **Oferta económica: 100 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = XX \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar

XX = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde ata acadar o desempate, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:





- 1) Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- 2) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- 3) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- 4) Ou sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

11. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de contratación reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE A, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houbese.

A continuación procederase no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación ou no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions> á apertura, en acto público, do SOBRE C. Se a data de apertura do SOBRE C, coincide coa apertura do SOBRE A, e non se adoptara o acordo de admisión definitiva, a Comisión acordará unha nova data de apertura do SOBRE C, que se publicará no taboleiro e no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions>.

Descrición: Apertura pública.

Lugar: Avda. do Porto 21, Baixo, Sada – A Coruña .

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación mais alta, a cal presenta a mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación (oferta mais vantaxosa).

Unha vez emitida a proposta de contratación, será requirido á persoa ou entidade que presentou a mellor oferta para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a solvencia económica, financeira e técnica, así como o cumprimento cos requisitos obrigatorios.

A proposta de adxudicación do contrato de servizos será posta en coñecemento e darase publicidade a través da web do GALP8; <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions>

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

O procedemento finalizará coa formalización do contrato.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur



Av. Do Porto S/N (Baixo) Casa do Mar 15160 Sada
Tfnos: 881 896 417 / 617 867 820
NIF: 6-70.184.494
galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal

12. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se establece

13. CONDICIÓNS E FORMA DE PAGO

O pagamento realizarase da seguinte forma:

- Mediante transferencia bancaria ou cargo en conta segundo se establece entre o provedor e o GALP, unha vez recibido o informe de traballos realizados e a factura asinada dixitalmente.

14. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O incumprimento das actuacións previstas no punto 2 do prego de prescricións técnicas será causa de resolución do contrato.

IV. ANEXOS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



ANEXO II.

A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR

D _____ con DNI número _____ en representación de _____ con CIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa¹

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é _____.

Sexto.- Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 202X

Data e sinatura do licitador

¹Persoa física(traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.





ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DO LICITADOR

D. _____ con DNI número _____ como representante da entidade
_____ con NIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo
electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nas pregos de prescricións técnicas e administrativas para a licitación de **“DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€ do GALP Golfo Ártabro Sur”** para o GALP Golfo Ártabro Sur.

Segundo.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos técnicos e administrativos.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no Sobre 1 da oferta presentada para a licitación.

E para que conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 202X

Data e sinatura do licitador





ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D./a con DNI nº actuando en nome e representación da empresa con CIF nº e domicilio en CP localidade de Provincia de , en relación ao procedemento de licitación do contrato de servizo **“DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€ do GALP Golfo Ártabro Sur”**, presento a seguinte oferta:

A) OFERTA ECONOMICA:

Orzamento base de licitación (sen IVE)	Prezo total: Prezo por informe:
IVE (21%)	Prezo total: Prezo por informe:
TOTAL (Orzamento base de licitación con IVE)	Prezo total: Prezo por informe:

B) Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo seguinte prezo:

Lugar e data

Sinatura do/a licitador/a





PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO – XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O Grupo de Acción Local do Sector Golfo Ártabro Sur (GALP8), é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión da prioridade 3 do Programa FEMPA 2021-2027, e está suxeita ao convenio subscrito o día 2 de xaneiro de 2023. Dito convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), e en particular as funcións e obrigas que asume o Galp como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

Na cláusula Decimo sexta do mencionado convenio: Gastos de funcionamento e dinamización no seu apartado 2 b) sinalase: a Asistencia técnica en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da EDLP. As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, ...”

No apartado 8 do art. 19 das bases de axuda da Orde de 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipo de custe (código de procedemento PE155A) sinala: “8. No caso de proxectos tecnolóxicos ou informáticos con custe superior a 10.000,00€ será precisa unha valoración económica de perito independente”.

No ano 2023 realizouse por contratación polo procedemento I, debido a que houbo proxectos que necesitaban este informe e de forma puntual. Vista a necesidade vemos que vai a tratarse dunha necesidade continua que se pretende satisfacer, por este motivo emprégase o procedemento para gastos derivados de necesidades continuas. Non se produce fraccionamento de contrato, e non se divide en lotes atendendo á natureza e obxecto do contrato.

O GALP Golfo Ártabro Sur, carece de persoal suficiente en número e titulación, para dar cobertura ás necesidades de servizo de comunicación, para poder cumprir correctamente coas funcións e obrigas acordadas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 2 de xaneiro de 2023, razón pola que debe procederse á contratación dun servizo externo para dar cobertura a tal necesidade.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de “**DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€ do GALP Golfo Ártabro Sur**” do GALP Golfo Ártabro Sur como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR

Contratación dunha asistencia técnica de “**DE PERITAXE PROXECTOS INFORMATICOS OU TECNOLÓXICOS CON IMPORTE SUPERIOR A 10.000,00€ do GALP Golfo Ártabro Sur**” GALP Golfo Ártabro Sur:





Para elo os traballos e as accións a realizar serán as seguintes:

- No caso de proxectos tecnolóxicos ou informáticos con custe superior a 10.000,00€ a valoración económica de perito independente, informando si o orzamentos presentados están a prezos de mercado.

4. FUNCÍONS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

A entidade adxudicataria ten as seguintes funcións e obrigas:

- Deberá realizar correctamente as tarefas descritas no punto 3 dos pregos técnicos
- Queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- Non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP Golfo Ártabro Sur para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- Non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP Golfo Ártabro Sur. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.

5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período de prestación do servizo período dun ano dende a data formalización (Xullo 2024)

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, se o aviso previo por parte do GALP8, faise cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 2029.

En Sada, a 28 de xuño de 2024

Alberto L. Castro García

Presidente

